

ANEXO VI ACTA 1 TRIBUNAL PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR, POLO SISTEMA DE ACCESO LIBRE, AS PRAZAS DE PERSOAL EMPREGADO INVESTIGADOR NO MARCO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL

Puntuacións dos méritos

1. Méritos Xerais

A convocatoria establece claramente a puntuación por mes de experiencia. Acórdase que naqueles casos onde a experiencia non chegue a un mes completo, concederáse a puntuación completa do mes se é igual ou superior a 15 días, e non se concederá puntuación se os días traballados son menores que 15

2. Méritos Específicos

- a. Formación específica: puntuación de acordo ao marcado na convocatoria
- b. Titulación académica: establécese unha puntuación de 0,50 puntos para nivel MECES 3 (Mestrado) e de 1 punto para nivel MECES 4 (Doutoramento)
- c. Memoria: establécese un criterio de calidade na exposición cunha puntuación máxima de 7,5 puntos, e outro criterio de adecuación do perfil profesional á praza, cunha puntuación máxima de 7,5 puntos.
- d. Outros méritos: puntuación dos idiomas de acordo ao marcado na convocatoria e valoraranse outros méritos de investigación do seguinte xeito: 0,5 puntos por cada proxecto no que teña participado a persoa candidata, 0,25 puntos por cada conferencia impartida e 0,5 por cada publicación científica (artigo, libro,...), cun máximo de 5 puntos polo total deste apartado d.

O secretario,

Anxo Moreira González

Vº e Pr.,
O presidente,

Emilio Martínez Rivas